

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-03-2020 16.00 h

Lugar: Pgno. Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, A Coruña

Exame: Mercadorías B

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra sus datos antes de comenzar a
responder:*

Nome e apelidos

Nombre y apellidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

Exame de obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP)

MERCADORÍAS

04/03/2020

16.00 H

-GALEGO-

MODELO "B"



**Déalle a volta ao folleto
para dispoñer do exame en
CASTELÁN**

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-03-2020 16.00 h

Exame: Mercadorías B

Lugar: Pgno. Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, A Coruña

Duración: 120 MINUTOS

01. Que repercusión ten o feito de que exista unha mínima transferencia de masas dos eixos traseiros aos dianteiros do camión no momento da freada?

- a) Un maior desgaste dos freos.
- b) Un menor consumo de combustible.
- c) O aproveitamento do agarre de todas as rodas.
- d) O mantemento da velocidade.

02. Que clases de vehículos deben ter vinculada unha copia da autorización de transporte público de mercadorías para poder traballar legalmente con eles?

- a) Os camións.
- b) Os remolques.
- c) Os semirremolques.
- d) Todas as respostas son correctas.

03. Como debe estar disposta a carga transportada nun vehículo?

- a) Debe ser difícil de suxeitar.
- b) Debe ser pesada.
- c) Debe ser moi voluminosa.
- d) Non debe comprometer a estabilidade.

04. Cal é a función do entoldado?

- a) Reforza a suxeición da mercadoría e contribúe a limitar os seus esvaramentos durante a viaxe.
- b) Protexe as mercadorías transportadas das inclemencias atmosféricas.
- c) Evita o desprendemento dunha parte da carga e o risco consecuente de danos.
- d) As tres respostas anteriores son correctas

05. O incumprimento do prazo de carga, dá dereito ao carrexador para esixir unha indemnización?

- a) Non.
- b) Si.
- c) Só se o atraso é superior a 10 horas.
- d) Si, pero só a partir do terceiro día de paralización.

06. Todo corpo está exposto a diferentes forzas e pares. Que sucede cando a suma das forzas e os pares aplicadas a un camión é distinta de cero?

- a) Que o vehículo móvese.
- b) Que o vehículo atópase en repouso
- c) Que hai falta de gravidade.
- d) Que hai incremento de temperatura.

07. Nun transporte de mercadorías perigosas, que significado ten a cifra de identificación de perigo "606"?

- a) Materia corrosiva sólida que reacciona coa auga desprendendo gases inflamables.
- b) Peróxido orgánico inflamable.
- c) Materia infecciosa.
- d) Materias perigosas diversas transportadas en quente.

08. Entre as forzas que se opoñen ao movemento dun camión, que dous efectos produce a resistencia do aire ou forza aerodinámica?

- a) A resistencia ao avance e as turbulencias.
- b) Os impactos frontais e laterais.
- c) A resistencia ao avance e os impactos frontais.
- d) As turbulencias e os impactos laterais.

09. Das seguintes actuacións que realiza o condutor dun camión, cal é correcta para reducir a resistencia á aceleración?

- a) Provocar aceleracións excesivas, sobre todo nos arranques.
- b) Reducir a presión dos pneumáticos.
- c) Manter a distancia de seguridade para evitar freadas bruscas.
- d) Utilizar os freos asiduamente, sobre todo en pendentas ascendentes.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-03-2020 16.00 h

Exame: Mercadorías B

Lugar: Pgno. Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, A Coruña

Duración: 120 MINUTOS

10. Un camión caixa que transporta mercadoría perigosa a granel:

- a) debe levar indicado no interior dos paneis laranxa unicamente o número ONU.
- b) debe levar indicado no interior dos paneis laranxa o número ONU e o número de identificación de perigo.
- c) non debe levar ningunha indicación no interior dos paneis.
- d) non debe levar paneis laranxa.

11. En vehículos cisterna, antes da carga de líquidos inflamables cuxo punto de inflamación sexa inferior a 60 °C, é obrigatorio efectuar a toma de terra do vehículo?

- a) Si, pero só cando a temperatura ambiente supere os 35 °C.
- b) Si, pero só cando a temperatura ambiente supere os 45 °C.
- c) Non.
- d) Si.

12. Que comprobacións, entre outras, fará o cargador durante a carga dunha mercadoría perigosa?

- a) Que os brazos de carga ou mangueras non sofren tensións.
- b) A velocidade de enchido en cisternas.
- c) Que se respecta a prohibición de fumar.
- d) As tres comprobacións anteriores son correctas.

13. En virtude do risco creado pola condución de vehículos de motor, o condutor é responsable dos danos causados ás persoas con motivo da circulación. Cando queda exonerado o condutor desta responsabilidade?

- a) Cando proba que os danos foron debidos unicamente á conduta do prexudicado.
- b) Cando conduce baixo o efecto de bebidas alcohólicas, pois non sabe o que fai.
- c) Nunca.
- d) Cando conduce baixo o efecto de drogas, pois non é responsable dos seus actos.

14. Para a realización de actividades de transporte de mercadorías cun vehículo de 10 toneladas de masa máxima autorizada será necesaria previamente a obtención de:

- a) un permiso de conducir.
- b) un certificado de condutor.
- c) unha autorización administrativa habilitante para a actividade de transporte.
- d) unha tarxeta de tacógrafo.

15. Como se chama o vehículo concibido especialmente para o transporte de materias sólidas, pulverulentas ou granulosas en depósito pechado?

- a) Vehículo silo.
- b) Vehículo batería.
- c) Vehículo toba.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

16. Que capacidade financeira se require acreditar para obter unha autorización de transporte público de mercadorías?

- a) 5.000 euros por cada vehículo autorizado.
- b) 9.000 euros por cada vehículo autorizado.
- c) 5.000 euros polo primeiro vehículo autorizado e 9.000 máis por cada vehículo adicional.
- d) 9.000 euros polo primeiro vehículo autorizado e 5.000 máis por cada vehículo adicional.

17. Cales son as funcións propias dun administrativo nunha empresa de transporte de mercadorías por estrada?

- a) Distribuír as ordes de ruta.
- b) Realizar operacións ordinarias de contabilidade.
- c) Decidir a renovación e ampliación da frota de vehículos e a forma do seu financiamento.
- d) Vixiar o funcionamento correcto do vehículo.

18. Como se denominan os envases de metal ou plástico, de sección rectangular ou poligonal, provistos dun ou varios orificios?

- a) Toneis.
- b) Bidóns.
- c) Xerricáns.
- d) Caixas.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-03-2020 16.00 h

Exame: Mercadorías B

Lugar: Pgno. Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, A Coruña

Duración: 120 MINUTOS

19. Que se entende por tren de estrada?

- a) O conxunto formado por dous vehículos articulados.
- b) O conxunto formado por máis de dous vehículos ríxidos de motor.
- c) O automóbil constituído por un vehículo de motor enganchado a un remolque.
- d) O automóbil constituído por un vehículo de motor enganchado a un semirremolque.

20. Considérase que un vehículo é lixeiro cando non ten unha capacidade de carga útil superior a:

- a) 6 toneladas.
- b) 2,5 toneladas.
- c) 3,5 toneladas.
- d) 5 toneladas.

21. Que tipo de sociedade deben ter normalmente, como mínimo, tres socios?

- a) As sociedades laborais.
- b) As sociedades anónimas.
- c) As sociedades de responsabilidade limitada.
- d) Todas as sociedades deben ter, como mínimo, tres socios.

22. A bordo dun vehículo que transporta animais debe constar a documentación que acredite:

- a) a orixe e o propietario dos animais.
- b) a duración exacta da viaxe.
- c) unicamente a data de saída e o lugar de destino.
- d) As respostas A e B son correctas.

23. As persoas que obteñan o permiso de conducir das clases C1, C1+E, C ou C+E a partir do 11 de setembro de 2009 deben obter ademais...

- a) o Certificado de Condución Completa (CCC).
- b) o Certificado de Condución Profesional (CCP).
- c) o Certificado Profesional (CP).
- d) o Certificado de Aptitude Profesional (CAP).

24. As autorizacións OT habilitan para:

- a) o exercicio da actividade de transporte de mercadorías por estrada.
- b) o exercicio de actividades complementarias do transporte.
- c) o aluguer de vehículos sen condutor.
- d) establecer unha estación de autobuses.

25. Como se denomina o tipo de vehículo para o transporte de mercadorías perigosas en xeral (cisternas)?

- a) AT.
- b) OX.
- c) EX/II.
- d) HJ.

26. Que risco supón derrame de mercadorías perigosas da Clase 6.1 como consecuencia dun accidente de tráfico?

- a) Sobreesforzos.
- b) Colisións en cadea.
- c) Exposición a substancias tóxicas.
- d) Descargas eléctricas.

27. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículo de motor, os danos persoais do condutor:

- a) nunca están cubertos.
- b) non están cubertos se actuou con negligencia.
- c) non están cubertos se non é o propietario.
- d) sempre están cubertos.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-03-2020 16.00 h

Exame: Mercadorías B

Lugar: Pgno. Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, A Coruña

Duración: 120 MINUTOS

28. Se inevitablemente teñen que usarse pneumáticos de distinto debuxo, deberán ser iguais, polo menos:

- a) nas rodas ao lado dereito.
- b) nas rodas ao lado esquerdo.
- c) nas rodas dun mesmo eixo.
- d) nas rodas xemelgas.

29. A xunta da culata atópase...

- a) entre a tapa de balancíns e a culata.
- b) entre a culata e o bloque.
- c) entre a culata e as válvulas de admisión e escape.
- d) entre o bloque e o cárter.

30. Nun contrato de transporte suxeito ao Convenio CMR, o transportista quedará libre de responsabilidade cando probe que o dano da mercadoría puido derivar:

- a) do emprego de vehículos abertos e non entoldados, se foi pactado na carta de porte.
- b) da deficiencia da embalaxe.
- c) da manipulación da mercadoría polo remitente.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

31. Que factor non inflúe no consumo de carburante dun vehículo pesado?

- a) O tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- b) O perfil da estrada.
- c) A posición do pedal do acelerador.
- d) O mantemento do vehículo.

32. Nos últimos anos, o maior número de condutores e pasaxeiros mortos en accidente de tráfico conducían ou viaxaban en:

- a) ciclomotor.
- b) vehículos pesados.
- c) turismos.
- d) autobuses.

33. Que elemento do sistema de transmisión ten como finalidade transformar o movemento de xiro lonxitudinal da árbore de transmisión en xiro transversal ao vehículo?

- a) O grupo cónico.
- b) A caixa de velocidades.
- c) O embrague.
- d) O palier.

34. Nun tacógrafo dixital, cando o vehículo estea en movemento, que actividade seleccionará o aparello automaticamente para o segundo condutor?

- a) Outros traballos.
- b) Condución.
- c) Descanso.
- d) Disponibilidade.

35. Cara a onde se transmitirán todos os impactos que recibe o vehículo no caso de que o asento se atope mal deseñado?

- a) A cabeza.
- b) A columna.
- c) As mans.
- d) Os pés.

36. Unha materia perigosa sólida que poida pasar a líquida durante o transporte por acción da temperatura ambiente:

- a) debe clasificarse como líquida.
- b) debe indicar o seu perigo co número 43.
- c) non está autorizada para ser transportada a granel.
- d) debe levar etiquetas das Clases 3 e 4.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-03-2020 16.00 h

Exame: Mercadorías B

Lugar: Pgno. Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, A Coruña

Duración: 120 MINUTOS

37. Cal dos seguintes mecanismos pertence á cadea cinemática?

- a) A caixa de velocidades.
- b) A suspensión do vehículo.
- c) Os mecanismos de seguridade activa.
- d) Os mecanismos de seguridade pasiva.

38. A cadea cinemática está formada por:

- a) o motor, unicamente.
- b) o sistema de transmisión.
- c) o motor, o sistema de transmisión e o sistema de suspensión.
- d) o motor, o sistema de transmisión e o sistema de freado.

39. As zapatas de freo utilízanse...

- a) nos freos de disco.
- b) nos freos de tambor.
- c) cando o vehículo dispón de ABS.
- d) cando o vehículo non dispón de ABS.

40. Ante a caída da carga sobre a calzada e unha vez que o condutor apartou o vehículo, procederá a...

- a) retirar ou apartar a carga derramada e deixar a calzada o máis limpa posible.
- b) informar á empresa transportista do contratempo sufrido.
- c) avaliar o custo económico das perdas sufridas na mercadoría.
- d) avisar ao destinatario da mercadoría para que vaia recollela.

41. Canto tempo deberá ser capaz de manter os datos almacenados a memoria da unidade intravehicular do tacógrafo dixital?

- a) Durante polo menos 30 días.
- b) Durante polo menos 365 días.
- c) Durante polo menos unha semana.
- d) Durante polo menos 15 días.

42. As causas das lesións derivadas dun sobreesforzo no traballo poden ser:

- a) movementos repetitivos.
- b) posturas de traballo incorrectas.
- c) manipulación inadecuada da carga.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

43. O máis recomendable para traballar de pé é utilizar zapatos...

- a) coa sola plana.
- b) con tacón de 2 a 4 cm.
- c) con tacón de 10 cm.
- d) con tacón de 15 cm.

44. Que tipo de drogas producen efectos como a sedación, laxitude e vertixe?

- a) Depresoras.
- b) Estimulantes.
- c) Psicodislépticos.
- d) Alucinógenos.

45. Para obrigar a diminuír a velocidade do seu vehículo aos condutores que se lle acheguen polo lado correspondente ao brazo que executa o sinal e perpendicularmente ao devandito brazo, que indicación utilizarán os axentes?

- a) Brazo estendido verticalmente.
- b) Brazo estendido con movemento alterno de arriba abaixo.
- c) Brazo estendido horizontalmente.
- d) Balanceo dunha luz vermella ou amarela.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-03-2020 16.00 h

Exame: Mercadorías B

Lugar: Pgno. Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, A Coruña

Duración: 120 MINUTOS

46. Cal dos seguintes países non pertence ao denominado "Espazo Schengen"?

- a) Marrocos.
- b) España.
- c) Suíza.
- d) Islandia.

47. Como se consegue que o punto de conxelación do líquido refrixerante estea por baixo da temperatura mínima que poida existir no ambiente?

- a) Fabricando o líquido cunha mestura de auga osixenada e anticonxelante en cantidade suficiente para evitar a conxelación.
- b) Fabricando o líquido cunha mestura de auga destilada e alcol.
- c) Fabricando o líquido cunha mestura de auga destilada e auga osixenada.
- d) Fabricando o líquido cunha mestura de auga destilada e anticonxelante cun grao de concentración adecuado á temperatura mínima.

48. Nunha estrada, un aviso de nivel verde de circulación por nevada significa:

- a) que non existe ningunha restrición nin recomendación específica para a circulación.
- b) que existe unha limitación xenérica de velocidade máxima a 60 Km/h.
- c) que a circulación de autobuses e camións está prohibida.
- d) que os camións teñen prohibición de adiantar.

49. O biodiésel:

- a) é un biocombustible que substitúe á gasolina nalgúns motores.
- b) é un combustible máis ecolóxico pero menos seguro xa que o seu punto de inflamación é menor que o do gasóleo.
- c) é un combustible máis ecolóxico que o gasóleo pero os seus custos produtivos son tan altos que non merece a pena a súa fabricación.
- d) é un combustible máis ecolóxico e máis seguro xa que o seu punto de inflamación é maior que o do gasóleo.

50. Como se denominan os aceites de viscosidade moi alta que se utilizan, normalmente, para lubricar o grupo diferencial?

- a) Valvuliñas.
- b) Aceites multigrados.
- c) Aceites sintéticos.
- d) Aceites de placas de fricción esvarantes.

51. Un bo mantemento do vehículo fai que se aforre enerxía. O mantemento, en xeral, debe facerse...

- a) unha vez cada seis meses.
- b) dependendo do consumo medio do vehículo.
- c) seguindo as recomendacións do fabricante do vehículo.
- d) unha vez ao ano.

52. Se circulando cunha velocidade engrenada, acelera e o motor sobe de voltas pero as rodas non o fan, que significa?

- a) Que o aceite do embrague é moi viscoso.
- b) Que o aceite do embrague é pouco viscoso.
- c) Que o embrague patina.
- d) Que o rodamento das rodas motrices está defectuoso.

53. Quen ten a responsabilidade administrativa polas infraccións á normativa de transportes por estrada?

- a) O condutor.
- b) O condutor e a empresa.
- c) A empresa.
- d) Ninguén.

54. A habilitación ou reserva dun ou varios carrís para a circulación de VAO, como deberá ser?

- a) Soamente permanente.
- b) Soamente temporal.
- c) Soamente permanente e con horario fixo.
- d) Permanente ou temporal e con horario fixo ou en función do estado da circulación.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-03-2020 16.00 h

Exame: Mercadorías B

Lugar: Pgno. Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, A Coruña

Duración: 120 MINUTOS

55. Durante o transporte poden producirse toda unha serie de circunstancias que afectan ao normal desenvolvemento do mesmo, que circunstancia pode considerarse como un incidente?

- a) Cando a anormalidade no servizo pode supoñer, ademais, un perigo para as persoas.
- b) Choque frontal lateral.
- c) Calquera circunstancia que impide que o vehículo poida proseguir a súa marcha.
- d) Choque frontal.

56. O peche á circulación dunha vía deberá ser expresamente autorizado:

- a) pola autoridade responsable da regulación do tráfico.
- b) pola empresa encargada da conservación da vía.
- c) pola autoridade competente en materia de medio ambiente.
- d) polo administrador da finca.

57. Nun tacógrafo dixital, que ocorre se durante a transferencia de datos, por calquera motivo non se descargan correctamente?

- a) É imposible darse conta.
- b) Rexístrase un incidente de tarxetas na unidade intravehicular.
- c) Rexístrase un fallo de transferencia na unidade intravehicular.
- d) Non se rexistra nada.

58. Que tipo de ralentizador basea o seu funcionamento na enerxía que lle confire un aceite?

- a) O freo eléctrico.
- b) O ralentizador hidrodinámico.
- c) O ralentizador de compresión.
- d) O ralentizador de expansión.

59. Para saber o momento adecuado no que se debe cambiar de marcha, e con iso reducir o consumo de carburante, o condutor dun vehículo pesado deberá ter en conta:

- a) a anchura dos pneumáticos.
- b) o coeficiente aerodinámico do vehículo.
- c) o tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- d) as revolucións por minuto do motor.

60. Que non hai que facer cando un cliente presenta unha reclamación a unha empresa de transporte?

- a) Aceptar a queixa.
- b) Escoitar ao cliente.
- c) Evadir a solución.
- d) Persuadir ao cliente para que non presente a queixa.

61. Cando un vehículo está en movemento posúe unha enerxía cinética que será menor...

- a) canto menor sexa a súa altura.
- b) canto menor sexa a súa lonxitude.
- c) canto menor sexa a súa anchura.
- d) canto menor sexa a súa masa.

62. Que datos se deben obter no escenario do accidente?

- a) Tomar datos da matrícula.
- b) Tomar datos do permiso de circulación.
- c) Tomar datos da compañía de seguros.
- d) Todos as respostas anteriores son correctas.

63. Síñale a afirmación falsa.

- a) Unha distancia insuficiente entre os pneumáticos emparellados en xemelgo crea fricción entre os flancos.
- b) Unha distancia insuficiente entre os pneumáticos emparellados en xemelgo provoca unha mala dispersión da calor.
- c) Unha distancia insuficiente entre os pneumáticos emparellados en xemelgo provoca unha degradación acelerada dos pneumáticos.
- d) Unha distancia insuficiente entre os pneumáticos emparellados en xemelgo provoca deformación na carcasa.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-03-2020 16.00 h

Exame: Mercadorías B

Lugar: Pgno. Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, A Coruña

Duración: 120 MINUTOS

64. Cal dos seguintes estilos de condución é inadecuado para o aforro de carburante?

- a) Arrincar o motor sen acelerar.
- b) Ao arrincar, iniciar inmediatamente a marcha se o seu vehículo é de gasolina.
- c) Ao arrincar, esperar uns instantes antes de iniciar a marcha se o seu vehículo é diésel.
- d) Actuar sabendo que o vehículo consume menos nas marchas curtas.

65. Como se chama o sistema que proporciona os primeiros xiros ao motor térmico para que este arranque?

- a) Batería.
- b) Coroa dentada.
- c) Sistema de arranque.
- d) Relé ou solenoide.

66. O biodiésel:

- a) contamina o mesmo que o gasóleo.
- b) utilízase en motores de explosión para substituír á gasolina.
- c) obtense de plantas naturais como a remolacha.
- d) ten unha maior capacidade para disolverse na auga polo que resulta máis biodegradable.

67. Nun pneumático sen cámara, onde vai montada a válvula de inflado?

- a) No cinto do pneumático.
- b) Directamente na lamia.
- c) Este tipo de pneumático carece de válvula.
- d) A cuberta fai tamén de cámara e nela vai montada a válvula.

68. Cal é unha medida de aforro de carburante equivocada?

- a) Aproveitar a inercia do vehículo.
- b) Deixar de acelerar con suficiente antelación.
- c) Non investir no mantemento do vehículo.
- d) Observar as revolucións do motor para decidir o momento no que se debe cambiar de marcha.

69. Ao seleccionar a relación de marchas na caixa de velocidades dun vehículo pesado, e para consumir o mínimo carburante posible, é conveniente utilizar aquela...

- a) coa que se obteña a máxima potencia.
- b) coa que se obteña o maior número de revolucións sen chegar a pasar de voltas o motor.
- c) que permita manter a agulla do contarrevolucións dentro da zona marcada de cor verde no mesmo.
- d) coa que se obteña o mínimo par motor.

70. Que distintivo indica que o vehículo está matriculado en España?

- a) O distintivo de nacionalidade española.
- b) A placa de limitación de velocidade.
- c) A placa de vehículo lento.
- d) A placa para cargas que sobresaen.

71. O nivel do líquido refrixerante no vaso de expansión será:

- a) máis alto canto máis quente estea o motor.
- b) máis baixo canto máis quente estea o motor.
- c) máis alto canto máis frío estea o motor.
- d) sempre igual independentemente de que o motor estea frío ou quente.

72. A Lei en materia de Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade Viario regula:

- a) a tarxeta de inspección técnica.
- b) o tamaño das empresas.
- c) as autorizacións específicas comunitarias.
- d) as infraccións derivadas do incumprimento das normas establecidas e as sancións aplicables ás mesmas.

73. A condución preventiva ten como obxectivo fundamental:

- a) a anticipación a posibles avarías mecánicas.
- b) a utilización de marchas altas.
- c) a anticipación a posibles situacións de perigo.
- d) a circulación a un réxime alto de revolucións de motor.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-03-2020 16.00 h

Exame: Mercadorías B

Lugar: Pgno. Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, A Coruña

Duración: 120 MINUTOS

74. Nun vehículo que transporta mercadorías perigosas debe levar:

- a) polo menos un calzo.
- b) polo menos dous calzos.
- c) un xogo de cadeas.
- d) unha emisora de radio.

75. Unha boa forma de aforrar carburante ao conducir un vehículo pesado é:

- a) esperar co motor arrincado sen circular ata que alcance a temperatura adecuada de funcionamento.
- b) circular cunha presión de inflado dos pneumáticos inferior á recomendada polo fabricante.
- c) observar o contarrevolucións para saber en que momento se debe cambiar de marcha.
- d) acelerar en baleiro cando se arrinca o motor para que este alcance a temperatura adecuada no menor tempo posible.

76. Os accidentes de tráfico débense, no 90% dos casos:

- a) ao factor humano.
- b) ás condicións da vía.
- c) ás condicións dos vehículos.
- d) á mala sinalización.

77. Ademais de reducir o consumo de carburante, realizar unha conducción económica presenta unha serie de vantaxes. Sinalar a resposta incorrecta.

- a) Reduce a contaminación atmosférica.
- b) Reduce a contaminación acústica.
- c) Permite aumentar os intervalos aconsellados polo fabricante do vehículo en canto ás revisións de mantemento.
- d) Reduce os desgastes mecánicos.

78. Que novos sistemas electrónicos apareceron recentemente coa finalidade de facer máis eficiente e segura a freada?

- a) O programa electrónico de estabilidade (ESP), o asistente á freada de urxencia (BAS), a distribución electrónica da forza de freado (EBV) e o control electrónico do sistema de freado (EBS).
- b) Os freos de disco ventilados.
- c) Os freos de tambor ventilados.
- d) Os freos de disco con catro pastillas de freo.

79. Cal é a misión dos purgadores dos caldeiríns do sistema pneumático de freo?

- a) Extraer as burbullas de aire.
- b) Conectar a toma de freado de servizo do semirremolque.
- c) Conectar a toma de freado automático do semirremolque.
- d) Extraer a auga condensada.

80. Como se chama o vehículo provisto dun mecanismo que permite elevar ou virar a caixa para a súa descarga?

- a) Dumper.
- b) Gaiola.
- c) Silo.
- d) Basculante.

81. O embrague de fricción dun automóbil ten como finalidade...

- a) variar a relación de transmisión entre o motor e as rodas motrices.
- b) aumentar o par motor.
- c) diminuír o par motor.
- d) axustar ou desaxustar o movemento do motor do resto da transmisión.

82. Os elementos de seguridade activa máis destacados nos vehículos son...

- a) as rodas e os freos.
- b) as rodas dianteiras.
- c) os repousacabezas.
- d) os cintos de seguridade.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-03-2020 16.00 h

Exame: Mercadorías B

Lugar: Pgno. Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, A Coruña

Duración: 120 MINUTOS

83. Un hidrocarburo haloxenado é un eficaz axente extintor de incendios porque:

- a) interrompe a reacción en cadea producida na base da chama.
- b) elimina a substancia combustible que estea a alimentar o lume.
- c) reduce a temperatura da fonte de calor.
- d) converte a substancia combustible en ignífuga.

84. Nun pneumático coa inscrición 225/80 R 22.5 150/145 S, que indica o número 80?

- a) A altura do pneumático expresada en milímetros.
- b) A altura do pneumático expresada en centímetros.
- c) A altura do pneumático expresada en polgadas.
- d) Que a altura do pneumático equivale ao 80% da anchura do pneumático.

85. Nun automóbil cun embrague de fricción en seco, cando se solta totalmente o pedal do embrague...

- a) o prato de presión deixa de presionar o disco de embrague contra o volante de inercia.
- b) pola acción do diferencial, déixase de transmitir movemento ao volante de inercia.
- c) as correntes electromagnéticas xeradas provocan o afastamento do prato de presión ao disco de embrague.
- d) embrágase o motor.

86. Cando un motor de combustión funciona a altas revolucións en comparación co mesmo motor funcionando a un réxime medio de revolucións:

- a) o par motor aumenta.
- b) o par motor diminúe.
- c) o par motor non varía.
- d) o par motor é cero.

87. Poden os axentes de control trasladar o vehículo a un taller mecánico calquera en caso de indicios dunha manipulación do tacógrafo?

- a) Si, sempre.
- b) Si, pero só se non hai un taller autorizado a menos de 15 km.
- c) Non, ten que ser un taller autorizado.
- d) Si, pero só no caso de que sexa do mal funcionamento do tacógrafo.

88. Cal dos seguintes tipos de vehículos está implicado nun maior número de accidentes de tráfico?

- a) Camión pesado.
- b) Furgoneta.
- c) Autobús articulado.
- d) Semirremolque.

89. Onde está colocada a tapa de balancíns dun motor de combustión?

- a) Encima da culata, protexendo varios elementos do sistema de distribución.
- b) Na caixa de velocidades, protexendo os seus elementos móbiles.
- c) No mecanismo de embrague, protexendo os seus elementos móbiles.
- d) No grupo cónico, protexendo a coroa dentada.

90. Os elementos de seguridade, que teñen como finalidade diminuír os posibles danos provocados durante un accidente aos pasaxeiros do vehículo, como se denominan?

- a) Elementos de seguridade activa.
- b) Elementos de seguridade pasiva.
- c) Elementos de seguridade integral.
- d) Non existe ningún elemento que axude a evitar un accidente.

91. Como se denomina o tipo de freo que ao pisar o pedal os elementos freantes da roda ábrense rozando o elemento que vira solidario coa roda?

- a) Freo de disco.
- b) Freo de tambor.
- c) Retárder.
- d) Freo eléctrico.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-03-2020 16.00 h

Exame: Mercadorías B

Lugar: Pgno. Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, A Coruña

Duración: 120 MINUTOS

92. Que indica a viscosidade dun aceite?

- a) A capacidade de pegarse sobre as superficies a lubricar.
- b) A maior ou menor facilidade para pasar polas canalizacións.
- c) A capacidade para arrastrar pousos e residuos, así como para pulverizar e emulsionar a carbonilla.
- d) A capacidade de non descompoñerse e permanecer inalterable co tempo.

93. En caso de avaría, o prazo máximo no que debe repararse o tacógrafo en ruta é de:

- a) 1 día.
- b) 1 semana como máximo se non se pode regresar antes.
- c) 2 semanas aínda que se poida regresar antes deste tempo.
- d) Non hai límite de tempo mentres se permaneza a máis de 200 quilómetros da base.

94. Onde vai colocado o decelerador electrónico?

- a) No eixo primario da caixa de velocidades.
- b) No eixo secundario da caixa de velocidades.
- c) No eixo intermediario da caixa de velocidades.
- d) Na transmisión.

95. Que característica non inflúe á hora de determinar no contarrevolucións dun automóbil a zona de menor consumo?

- a) A carreira do pistón.
- b) A potencia.
- c) O consumo específico.
- d) O par motor máximo.

96. Que indica unha marca amarela en zigzag?

- a) O lugar en que o estacionamento está prohibido aos vehículos en xeral.
- b) Que a parada e o estacionamento están prohibidos ou sometidos a algunha restrición temporal.
- c) Que o estacionamento está prohibido ou sometido a algunha restrición temporal.
- d) A prohibición de penetrar nunha intersección se puidesen quedar detidos.

97. As descargas eléctricas en traballadores do sector do transporte poden vir derivadas de...

- a) conexións inadecuadas.
- b) cables e enchufes defectuosos.
- c) contacto da carga do vehículo con tendidos eléctricos.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

98. No sector do transporte está recoñecida como enfermidade profesional:

- a) a bursite.
- b) a xordeira provocada polo ruído.
- c) as lesións da pel por contacto con hidrocarburos.
- d) Todas as respostas son correctas.

99. Dos elementos técnicos que se citan, cal contribúe na seguridade activa dos vehículos?

- a) O sistema antibloqueo de freos (ABS).
- b) O control de tracción e desestabilidade (ASP e ECS).
- c) O control electrónico de aceleración (EPS).
- d) Os repousacabezas.

100. O disco-diagrama ou folla de rexistro é un documento:

- a) que se debe pasar dun condutor a outro.
- b) persoal do condutor.
- c) que só pode rexistrar actividades de dous condutores cando son dobre tripulación.
- d) válido para tres condutores á vez.

EXAME OBTENCIÓN DO CAP

Data: 04-03-2020 16.00 h

Exame: Mercadorías B

Lugar: Pgno. Fontiñas, Rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela, A Coruña

Duración: 120 MINUTOS

Preguntas de reserva (Só se corruxirán se o tribunal anula algunha das anteriores)

101. Que documentación debe presentar o condutor ao cargador ao chegar ao lugar da carga?

- a) A documentación do vehículo coa debida vixencia.
- b) O permiso de circulación apto para o vehículo que se vai a conducir.
- c) O certificado de formación ou autorización especial do condutor nos casos en que o ADR dispóñao e o certificado ADR do vehículo nos casos que sexa necesario.
- d) O certificado de formación e o certificado ATP do vehículo nos casos que sexa necesario.

102. Cal das seguintes afirmacións é incorrecta?

- a) As rodas deben ter alta capacidade de carga.
- b) As rodas deben ter facilidade de ser montadas e desmontadas.
- c) As rodas deben ter alta fiabilidade.
- d) As rodas deben mellorar o coeficiente termodinámico.

103. Como sanciona a normativa de estranxeiría o incumprimento polos transportistas da obrigaón de facerse cargo dos estranxeiros que trasladasen ata territorio español e se lles denegue a entrada por deficiencias na documentación?

- a) con pena de prisión menor.
- b) con multa de 10.001 a 100.000 euros.
- c) coa incautación da súa frota.
- d) con pena de prisión maior.